

**MÁIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL, S.L.U.**, é un centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social, prestador de servizos socio-sanitarios e servizos auxiliares a empresas. Co afán de lograr unha maior calidade nas diferentes actividades desenroladas así como alcanzar un maior compromiso cara a calidade e mellora continua do servizo prestado; comprométese coa implantación dun Sistema de Xestión da Calidade acorde cos requisitos da **Norma UNE-EN-ISO 9001:2015**. Para elo, establécese o seguinte:

- Practicar unha cultura proactiva de prevención, avaliación do desempeño e de mellora, en función das posibilidades reais da empresa.
- Levar a cabo servizos de calidade buscando a confianza e satisfacción dos clientes e das outras partes interesadas.
- Analizar o noso contexto e os requisitos das partes interesadas para determinar os riscos e oportunidades.
- Dispoñer de servizos que correspondan cos requisitos establecidos polos clientes.
- Asegurar que os nosos servizos son oportunos e cumpren coas leis e requisitos aplicables, así como cumprir a lexislación e regulamentación aplicable á actividade económica.
- Ter un enfoque sistémico orientado a procesos e a consecución dos obxectivos da empresa.
- Facilitar e promover a inclusión das persoas con diversidade funcional, no mercado laboral a través da nosa empresa.
- Establecer programas de formación continua que permitan ter un persoal cun nivel adecuado, buscando a motivación e a satisfacción de todas as persoas traballadoras, así como para garantir un servizo final correcto e de calidade segundo as expectativas de cada cliente.
- Manter a prestación dos nosos servizos con altos estándares de calidade, apoiados na innovación e na mellora continua; é vital potenciar e estreitar as relacións cos nosos clientes e provedores.
- Manter confidencialidade no manexo e arquivo de datos relacionados cos clientes e provedores e demais partes interesadas.
- Manter o liderado baixo o marco legal vixente en cada momento, coa máxima implicación da xerencia e de todas as persoas traballadoras para a consecución dos obxectivos, política, misión e accións que están reflexados no Sistema de Xestión de Calidade.

Así mesmo, a xerencia establecerá os plans e achegará os recursos precisos, dentro da súa Política Xeral, para alcanzar os obxectivos establecidos, con períodos anuais, baseados nas necesidades da organización en cada momento.

É responsabilidade de toda a organización de **MÁIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL, S.L.U.** o obrigado cumprimento do establecido no sistema e, fundamentalmente, das persoas encargadas da realización das actividades comprendidas nel.

En Cabana de Bergantiños, a 1 de outubro do 2020.

Fdo.: A XERENCIA

